

## Unidade 6: Es quen de facelo?

### Unidade 6, exercicio 2

- Ola, bos días.
- Ola, moi boas.
- Mmmm. Pois...teño aquí que vostede é Antón Couceiro, non? Galego... de 25 anos... e que vive en Bertamiráns.
- Si, si. Ten todos os datos ben.
- Ben, entón cónteme Antón, cal é o seu nivel de estudos e a súa formación académica?
- Título polo de agora só o de Bacharelato, porque aínda estou estudando. Ben, fálteme un ano, non... se todo vai ben. Supoño que para xullo do ano que vén xa terei rematado.
- E que estás estudando?
- Fago 4º de Historia.
- Moi ben. E tes algunha formación específica ou dalgunha outra cousa?
- Si, si. Especialidade a de arte. Que me gusta moito en xeral. Fixen varios cursos relacionados con isto, e tamén... un verán traballei de guía turístico. Ademais.... teño algún outro curso de idiomas. Fixen ata terceiro de italiano na escola de idiomas. Co inglés voume defendendo, aínda que non teño ningún curso feito.
- Moi ben, moi ben... E ademais de guía traballaches algunha vez doutra cousa?
- Home, así traballos serios con contrato non, pero teño un amigo deseñador e ás veces desfilo cos seus modelos. Fíxeno xa 4 ou 5 veces, e creo que non se me dá de todo mal.
- Ahá, vale. Pois ímolo poñer tamén por se hai algo relacionado. E que outras capacidades ou habilidades cres que podemos poñer que estean relacionadas con estes dous traballos?
- Ah, pois... para o de guía coido que son moi amable e sempre intento ser agradable e falador cos turistas. Ben, en xeral creo que son así porque son bastante aberto e nada tímido. Home! e para o outro, sempre me din que teño moi bo corpo! E... a verdade é que me coido bastante. Xa sabe, non bebo... vou ao ximnasio....gústame en xeral o deporte.
- Vale, perfecto. Pois logo xa temos todos os datos. Aquí tes a túa tarxeta. Se hai sorte xa nos poñemos en contacto contigo Antón.
- Vale, graciñas. Adeus.
- Veña, adeus!

\*\*\*\*\*

- O seguinte... Ola, pasa, pasa.
- Bos días.
- Si... podes sentar aí. Iria verdade?
- Graciñas. Si, si son Iria Martín.
- Vale, pois fálame de ti Iria. Fálame dos teus estudos, profesión, experiencia... xa sabes.
- Ben... de estudos fixen ata o bacharelato e... logo tamén estiven un ano na Escola de Hostalaría. Non rematei porque comecei a traballar nun restaurante. Na cociña, de

axudante, pero logo pasei ao comedor, servindo. Porque se me dá moi ben o trato coa xente e iso.

- Mmmm... vale. E que tipo de contrato tiveches?
- Primeiro tiven un contrato de media xornada durante seis meses e logo estiven a xornada completa case un ano.
- Moi ben. E gustaríache seguir na hostalaría ou buscas outras cousas?
- Non, non... busco algo nalgún restaurante. De feito estou agora mesmo facendo un curso para ter o título de manipuladora de alimentos. Quero atopar un traballo cun bo soldo. Ben... é que estou aforrando porque no futuro gustaríame ter o meu propio negocio. Un restaurante ou algo semellante. Por iso busco un traballo a xornada completa.
- Claro, claro...
- Non me importa o número de horas que traballe. Pero prefiro un sitio onde paguen ben.
- Vale, entón tomo nota disto. Ben... xa está. Pois... Iria, cando teñamos algo chamámoste, vale? Toma os teus papeis.
- Vale... deica.
- Deica pronto, que teñas un bo día.

\*\*\*\*\*

- Ola, bos días. A ver... o seu nome é Susan, non?
- Si, Susan Paterson.
- Non é galega, verdade?
- Non, non, son dos Estados Unidos pero levo anos vivindo fóra. En Galicia xa case levo cinco anos.
- Moi ben. E de que está buscando traballo?
- Son piloto, pero hai un mes a compañía en que traballaba despediume por axustes no cadro de persoal. Era unha compañía pequena que facía rutas entre países do leste de Europa. Anteriormente tamén estiven traballando nos Estados Unidos nunha empresa que tiña avionetas para alugar. Despois estiven seis meses nunha compañía portuguesa que voaba a Vigo. A verdade é que teño bastantes horas de voo.
- E agora que tipo de compañía busca? Prefire avións pequenos? Voos nacionais... ou dálle igual?
- Como lle dicía teño máis experiencia en viaxes curtas e avións pequenos, pero dáme un pouco igual. Gustaríame poder seguir vivindo en Galicia pero tamén me gusta moito viaxar. Dánseme ben os idiomas. Ademais de inglés e galego falo un pouco de alemán. Tanto me ten a ruta, pero prefiro unha boa compañía e que me ofrezca estabilidade laboral.
- Vale, miraremos entón se hai vacantes nalgunha compañía española coñecida. A ver que posibilidades ten.
- Moitas grazas.
- Ben, poñerémonos en contacto con vostede para comunicarlle o resultado da busca. Que teña un bo día.
- Vale, graciñas. Ata logo.

\*\*\*\*\*

- Ola, boas. Pase, pase.
- Ola, que hai?
- Como estás Dolors? Cántame a que te dedicas?
- Ben... pois... estou acabando os meus estudos de pedagogía na universidade e estaba buscando algún traballo para sacar algo de diñeiro.
- Pedagoga... moi ben. E sabes en concreto que tipo de traballo buscas?
- Aínda non o sei moi ben. É a primeira vez que busco traballo.
- Entón non tes ningunha experiencia laboral, non?
- Non, exceptuando unhas prácticas que fixen o ano pasado. Estiven traballando nun colexio con nenos que tiñan discapacidades de aprendizaxe.
- Ah... pois iso xa é un bo comezo. E como foi esa experiencia?
- Ui! Moi boa. É moi gratificante ver como lles vas axudando a mellorar. Sempre me encantaron os nenos!
- Mmm...moi ben. E fixeches algún curso ou tes formación complementaria relacionada cos nenos?
- Pooois... teño o título de monitora de tempo libre e algunha vez fixen de contacontos en aniversarios dos nenos dos meus veciños. Ah! E tamén sei francés, ademais de catalán e galego, claro!
- Moi ben, a ver se atopamos entón algo relacionado con isto que me contas. Cando teñamos algunha cousiña, chamámoste, de acordo?
- Vale, agardo logo a que me avise.
- Veña... pois ata loguiño.
- Ata logo, moitas grazas.

<b>Unidade 6, exercicio 3, parte A</b>
--

- É un personaxe alto, rexo coma un carballo. A súa pel é rubia coma un tomate. A súa boca agóchase detrás dun bigote e dunha barba branca.
- É un home alto, ademais de forte e áxil. A súa pel morena combina á perfección co seu pelo louro.
- A verdade é que é un pouco feo, sobre todo con esa boca grande aberta! Na súa cabeza non hai un pelo, claro, é calvo!
- Podémola comparar coa neve pola súa cor branca de pel. Isto contrasta co seu pelo negro. É unha rapaza tan guapa...
- Nunca pasa desapercibido, é un home extravagante. O pelo rubio resalta os seus ollos claros.
- Que cousiña tan pequena e débil! É moi simpática e falanguera e co pelo roxo e crecho.